

15 preguntas sobre CUAC FM que nunca te atreves a facer.

Isabel Lema-Blanco e Mariano Fernández-Cabarcos
Coordinadora de organización e Estratexia. CUAC FM.

1. Como nace a emisora, con que obxectivos?

A asociación cultural **Colectivo de Universitarios Activos** -CUAC- é unha asociación sen ánimo de lucro, **fundada en xuño 1995**, que traballa fundamentalmente no eido cultural e da comunicación social. Os **fins de CUAC** están relacionados coa creación, promoción e execución de todo tipo de actividades culturais, artísticas e recreativas, e en especial aquelas que garden relación cos medios de comunicación.

CUAC é propietaria da emisora comunitaria CUAC FM que facilita o acceso da cidadanía de forma individual ou organizada a formar parte activa dun medio de comunicación social independente e sen ánimo de lucro.

2. Qué é unha radio comunitaria?

Cuac FM é unha radio comunitaria. Unha radio comunitaria é unha emisora privada, **sen ánimo de lucro**, que ten un fin social: **garantir o exercicio do dereito de acceso á comunicación e a liberdade de expresión da cidadanía.** A nosa misión é **“dar voz a quen non a ten”**: desenvolver e defender os dereitos á liberdade de expresión, o libre acceso á información e o dereito da cidadanía á acceder aos medios de comunicación.

3. Cal é a misión e os principios de CUAC?

CUAC FM Diríxese e débese á comunidade, cumpre unha finalidade social e está aberta á participación o máis ampla posible respecto á propiedade do medio e o acceso á emisión, así coma ás diversas decisións de programación, administración, financiamento e avaliación, que non ten fins de lucro e que non realiza proselitismo relixioso nin partidista.

CUAC FM comprométese a promover, dende as súas ondas, a defensa dos dereitos humanos, a igualdade e non discriminación, a pluralidade e a xustiza social. Defendemos e damos voz “aos que non a teñen nos medios convencionais”, pero sempre partindo da absoluta liberdade e responsabilidade social.

4. Como é o seu funcionamento na actualidade, como se xestiona e se toman as decisións?

En CUAC FM participan máis de unha centea de persoas físicas e xurídicas, funciona dun xeito **participativo e horizontal**, a través da asemblea, das coordinadoras e dos grupos de traballo. Todo o que facemos en CUAC FM facémolo dende a **colaboración e o voluntariado**. Non hai xefes nin persoal contratado.

A estrutura de coordinación permanente de CUAC FM é o **Consello de Coordinación**, conformado polas socias e socios que integran, de maneira voluntaria, das 5 coordinadoras que se encargan de que todo funcione: coordinadora de organización e estratexia, coordinadora de contidos, coordinadora de comunicación, coordinadora de formación e coordinadora de tecnoloxía e infraestruturas.

5. E todo isto, como se financia?

CUAC FM é independente economicamente e finansiase principalmente grazas as cuotas de socio/a e programa que abonan as súas persoas asociadas. Ademais, como radio que pertence a unha asociación cultural sen ánimo de lucro, preséntase á convocatorias de subvencións públicas que, en réxime de concorrencia competitiva, publican as diferentes administracións públicas, e que adoitan estar relacionados con axudas ao desenvolvemento de proxectos. Por exemplo, os talleres de radio que facemos na Coruña, o Encontro 14 de medios do terceiro sector, que tivo lugar en 2014, ou o mantemento da emisora, por suposto.

Ademais, hai cabeciñas pensando todo o tempo neste asunto porque a autonomía financeira é fundamental para un medio comunitario. Por exemplo, estamos a piques de lanzar unha campaña de micromecenado a través da plataforma Teaming (pódese ver en <https://www.teaming.net/cuacfmradiocomunitariadeacoruna>), que permitirá que as persoas que así o desexen podan contribuír cun euro mensual ao proxecto. Todo suma.

6. Existe unha estratexia, unha visión de futuro de cara onde quere ir CUAC?

Si. Nos últimos tempos indagamos bastante sobre modelos de participación e metodoloxías, que imos incorporando aos procesos de traballo. O obxectivo deste esforzo non é só a eficacia senón que as persoas que participan do proxecto sintanse cómodas a todos os niveis. Neste senso, temos desenvolvido un proxecto de “re-iniciación” da emisora, fixemos un diagnóstico (DAFO) de detección de debilidades e tamén de fortalezas e, finalmente, aprobamos dende 2014 un Plan Estratéxico que guía as nosas liñas de actuación de cara o futuro.

O Plan Estratéxico de CUAC FM para os anos 2014-2018 vertébrase en 6 liñas estratéxicas clave:

- **Defender o dereito á comunicación**, para o que traballamos en acadar un estatus legal que garanta a existencia e viabilidade das radios comunitarias en Galicia e no conxunto do Estado.
- **Aumentar o impacto social de CUAC FM** na nosa comunidade de referencia (Bisbarra da Coruña e Galicia) e tamén no resto do Estado e Europa, a través do noso traballo da Remc e Amarc.
- **Fomentar e garantir a participación interna de socios y socias**, mellorando os procesos de acollida, formación, as ferramentas de comunicación e favorecendo espazos de convivencia e diversión.
- **Fomentar a cultura da formación en CUAC FM**. Para elo temos consolidado o noso plan de formación inicial -que desenvolvemos mensualmente- así como obradoiros de formación máis especializada, continua. En 2015 inauguramos a nosa escola de radio e asociacionismo, para dar aumentar a nosa tarefa de educadores mediáticos. Máis información na web: <https://cuacfm.org/formacion-en-cuac-fm>

- **Xestionar os nosos espazos e recursos**, innovando e ampliando os recursos de CUAC, especialmente naquelas áreas que melloren a nosa capacidade de dar resposta ás novas demandas dos socios. A Escola de Radio e Asociacionismo é bo exemplo de iso. Tamén o programa de grabación automática de audio RADIOCO. E seguiremos mellorando.
- **Garantir a sostibilidade económica de CUAC**, incrementando os nosos recursos a través de novas fontes de financiación, micromezenado, e desenvolvemento de novos proxectos que reciben financiación externa.

Cada mes de xaneiro presentamos á asamblea de CUAC a nosa Memoria Anual, é dicir, o documento de resumo de actividades que presentamos en asemblea e colgamos da nosa web:

<https://cuacfm.org/zona-socios/memoria-anual-cuac/>

7. Cal é a situación legal, sobre todo no relativo á frecuencia que utiliza?

A situación é a que leva sendo dende 1996, de alegalidade. Cuac FM fixo todo o humanamente posible para acceder a unha frecuencia á que segundo a lexislación ten dereito. Dende o primeiro minuto a solicitamos á autoridade competente. De feito, no 1996 a resposta que nos deron foi que a chegada das licenzas para entidades do terceiro sector era “inminente”, unha inminencia que xa vai polos 20 anos de espera. A pesar do cambio lexislativo de 2010 que recoñece aos medios comunitarios coma un dereito de cidadanía, a situación segue a ser a mesma. Podemos dicir, que a tal hora, a Lei Xeral de Comunicación Audiovisual en materia de medios comunitarios é papel mollado, algo incomprendible nun estado de dereito.

8. Como é a relación de CUAC co tecido social e os movementos sociais da cidade?

CUAC FM mantén un contacto directo co tecido asociativo da cidade, que podemos desgranar en 3 partes. Por un lado, contamos con diversos colectivos sociais que participan en CUAC FM, sendo socios ou desenvolvendo programas. A Asociación Cultural Alexandre Bóveda, O proxecto Cárcere, a Institución Benéfico Social Padre Rubinos ou a asociación Radio Prometea son algúns deles. Tamén emitimos os boletíns de Amnistía Internacional, de Adegas... Así mesmo, en CUAC FM emitimos distintas cuñas radiofónicas que nos remiten diversos colectivos sociais e que tratan de denunciar unha realidade ou promover unha concienciación social.

Por outra banda, moita da información e da cobertura que realizan os diferentes programas é local e expresa moita sensibilidade co tecido asociativo, dando unha extensa cobertura ao terceiro sector da cidade, con programas comunitarios especiais como a cobertura do día da ciencia na rúa ou da feira de economía social e solidaria (podes consultar a nosa memoria de 2014 para ver os colectivos aos que entrevistamos).

En terceiro lugar, CUAC FM realiza mensualmente un programa comunitario, chamado AR DE CORUÑA, que ten coma obxectivo manter ao día á cidadanía da súa realidade máis próxima visualizando as problemáticas da cidade e dos seus barrios, dando voz a aqueles colectivos e asociacións con menor presenza mediática. O noso ARDE conta coa colaboración permanente de representantes das asociacións de veciños e colectivos sociais e culturais de toda a cidade (Comité Antisida Coruña, colectivos LGTB, Feminismos Coruña, etc).

Pero tamén contamos con outros sectores, como os músicos, fomentando a emerxencia de grupos noveles grazas ao noso concurso de maquetas, ou o mundo da cultura, colaborando con grupos ou autores teatrais. Por exemplo, este ano estreamos unha radionovela, [“la resistance”](#) producida e interpretada polos socios de cuac fm en colaboración coa compañía Walkitalkies. O marabilloso de cuac é que non hai corsés á imaxinación e á creatividade. Tan só o tempo e o esforzo que lle queiran adicar as súas socias/os.

9. É CUAC FM un espazo de educación e aprendizaxe en medios?

As radios comunitarias son (e poden selo aínda máis) ferramentas de alfabetización mediática e para o cambio social. Outorgamos os espazos pero tamén as ferramentas para educar e empoderar á cidadanía respecto dos medios de comunicación. E isto é moi importante, pois cando se capacita á cidadanía para ser axentes nos procesos de comunicación, tamén se contribúe aos procesos de transformación social.

Neste senso, en CUAC FM ofertamos formación aos socios e socias, e tamén as persoas interesadas en facer un programa de radio a través dun “curso de iniciación” á comunicación radiofónica. Este curso abarca dende formación básica en comunicación, medios comunitarios, produción, locución e control técnico, ata prácticas en programas da emisora. Esta formación está impartida por socios e socias de CUAC (sobre 10-12 formadores) que, de maneira voluntaria e altruísta, deciden adicar as súas fins de semana a formar a compañeiros e novos socios.

Así mesmo, con carácter máis esporádico, desenvolvemos talleres para mozos/as, colaboramos con diversas entidades da cidade (ASPACE, Fundación Juan Soñador) para que a cidadanía adquiera os coñecementos teóricos e as habilidades necesarias para desenvolver un programa de radio..

10. Por que é importante para a cidade a existencia dunha emisora comunitaria?

¿Porque son importantes os medios comunitarios? polas tres funcións principais que cumpren os medios comunitarios: en primeiro lugar, porque, como medios de comunicación, son instrumentos de garantía democrática pois ofrecen unha información plural, normalmente crítica e independente dos poderes públicos e dos intereses comerciais, e iso non o digo eu, senón a UNESCO, o Consello de Europa, ou o *Relator Especial de las Naciones Unidas para la Libertad de Opinión y Expresión*, Frank W. La Rue. Ante unha situación de concentración da propiedade dos medios de comunicación en escasas multinacionais, os medios comunitarios son a principal ferramenta de información independente, local e social que temos.

En segundo lugar, os medios comunitarios son ferramentas de democratización que garanten o exercicio activo ao dereito á comunicación. neste senso, unha emisora como CUAC FM permite que calquera cidadán ou entidade teña un espazo nun medio de comunicación para dicir o que queiran, para informar e comunicar sen cortapisas de ningún tipo, sen liñas editoriais nen censuras. Iso tamén é importante para a cidade, pois CUAC ofrece outro prisma onde mirar a realidade, un prisma construído colectivamente polos máis de 100 socios/as que participan da emisora. Pero sobre todo, ofrece a oportunidade única de contribuír libremente a esa construción dun proxecto de comunicación cidadá.

Cada persoa posúe un **dereito fundamental e subxectivo a comunicar** “a través de calquera medio de reprodución” segundo a CE de 1978. Se non hai unha radio comunitaria na cidade ,onde vas poder exercer o teu dereito a comunicar a través da radio?. En Cuac levamos 20 tempadas emitindo, 436 programas pasaron polos nosos micros e o número de proxectos rexeitados é de 0. Debería ser unha responsabilidade dos poderes públicos garantir este dereito, noutros estados enténdese que somos útiles nesta tarefa e a posición dos medios do terceiro sector está máis que consolidada e normalizada. Eiquí levamos un retraso de 35 anos con respecto a Francia, por exemplo.

11. Traballades conxuntamente con outras emisoras comunitarias ou locais de Galicia ou do resto do Estado?

CUAC traballa en rede con REGARLIC (Rede Galega de Radios Libres e Comunitarias), somos socias fundadoras da REMC e colaboramos en diferentes proxectos coa Asociación de Mundial de Radios Comunitarias, e, especialmente, coa súa delegación europea (AMARC- Europa). Se a relación no plano institucional é forte, a nivel humano o é moito máis, tanto con proxectos próximos coma podan ser Radio Filispim de Ferrol, ou máis lonxanos coma RTV de Cardedeu, Radio Enlace de Hortaleza, Onda Color de Málaga... A relación é permanente e moito máis que fluida. Amosouse claramente no Encontro 14, o Encontro Europeo de Medios (www.encuentro14.org).

12. Cal é o papel de CUAC na Rede de Medio Comunitarios (REMC).

CUAC FM é unha das radios comunitarias que, a nivel estatal, impulsaron a creación e consolidación, dende o ano 2005 da Rede de Medios Comunitarios (www.medioscomunitarios.net), desenvolvendo importantes funcións de asesoramento legal e representación institucional das radios comunitarias. No momento actual, ademais de formar parte do Grupo de Traballo de Lexislación da REMC, CUAC FM forma parte da Comisión Executiva da REMC, sendo responsable da Secretaría de Formación da Rede de Medios Comunitarios.

13. E en AMARC?

CUAC é unha entidade socia de AMARC, a Asociación Mundial de Radios Comunitarias (www.amarc.org) e da súa filial europea, AMARC-Europa (<http://www.amarceurope.eu>). Forma parte do Grupo de Traballo de AMARC-Europa sobre linguas minoritarias en Medios Comunitarios e, como resultado deste traballo, en xaneiro de 2014 [CUAC FM compareceu ante o Parlamento Europeo en Estrasburgo](#), no marco dunha xuntanza do Intergrupo para as minorías tradicionais, comunidades nacionais e lingüísticas do Parlamento Europeo. Sally Galiana (presidenta de AMARC-Europa) e Isabel Lema presentaron o documento de “*recomendacións elaborado por AMARC Europa para a depara a defensa da pluralidade e diversidade cultural nos medios de comunicación comunitarios*”. Esta actividade recibiu tamén a cobertura de PRAZA: <http://praza.gal/movements-sociais/6404/cuac-fm-levou-a-voz-das-radios-comunitarias-ao-parlamento-europeo/>

14. Existe neste momento un clima político e social máis favorable para os medios comunitarios? Esperades un cambio de actitude e de relación por parte dalgunhas administracións? É a xente máis proclive a achegarse aos medios alternativos?

Entendemos que sí. Socialmente é evidente a erosión da credibilidade de moitas cabeceiras de prensa, e iso fai que haxa persoas que busquen outras voces. Por outro lado moitas persoas que veñen do activismo social estanse incorporando á política, e ese é o campo de xogo natural dos medios comunitarios. No noso caso por exemplo, hai persoas que están ou estiveron asociadas a Cuac tanto no goberno da cidade coma na oposición, e non somos o único medio comunitario ao que lle pasan cousas similares nestes tempos.

O traballo da Rede de Medios Comunitarios nestes anos na concienciación política tamén vai dando os seus froitos. Moitos partidos incorporan nos seus documentos políticos mencións aos medios comunitarios, e hai dez anos o descoñecemento era enorme. Esperemos que esta maior sensibilización calle na vontade política e teñan lugar os cambios legislativos e executivos necesarios para normalizar o sector e deixar de alonxarnos do contexto europeo... e vaia, se podemos comezar a achegarnos, moito mellor.

15. Que vai pasat no 20 Aniversario de CUAC FM?

Esta tempada 2015-2016 CUAC FM cumpre 20 anos. Dende logo, é unha data que merece unha celebración especial, e temos un grupo de traballo para coordinar todas as actividades do XX aniversario. Entre as actividades xa programadas estamos a desenvolver un ciclo de conferencias nomeado **“Observatorio da Comunicación”** no que convidamos a diferentes profesionais dos medios a analizar o estado do sector da comunicación e os retos que nos plantexa.

Dentro da actividade cultural e musical, destacamos tamén o ciclo **“Música Contada”** no que músicos que teñen ou tiveron moita relación con CUAC FM nos contarán o que reflicten as súas letras, nun formato no que o músico conversa co público e amosa un poquiño do seu bo facer. E falando de música, non nos podemos esquecer do **XVIII Concurso de Maquetas CUAC FM**, que potenciará as bandas locais, no que xa levamos meses traballando.

No mes de xullo imos celebrar o **“Encontro 16”**, que pretende ser un encontro entre persoas conectadas coa comunicación social e o mundo da cultura, da dinamización comunitaria, das radios comunitarias... Será un espazos de debate e intercambio de experiencias entre medios galegos, portugueses e do resto do Estado, máis tamén con outros colectivos sociais e no que faremos homenaxe aos centros de programas que pasaron por CUAC FM nestes 20 anos. Estade atentos á web cuacfm.org no que imos dando conta de todas as actividades do 20CUAC

Autores: Isa Lema e Mariano Fernández.

Mariano Fernández é socio fundador de cuac fm. participa nas coordinadoras de organización e estratexia e tecnoloxía de cuac fm. Foi secretario da ReMC ata 2014 e actualmente forma parte do seu grupo de traballo legal. Isa lema e socia de cuac fm, foi presidenta dende 2003 a 2006 e actualmente participa nas coordinadoras de organización e estratexia e contidos. É investigadora en ccs sociais da Universidade da Coruña, e membro do proxecto de investigación **“los jóvenes y el tercer sector de la comunicación en España”** cuxos resultados están publicados na web: <http://jovenesytercersector.com/>